

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

CENTRO: CEIP PLURILINGÜE PEPE DE XAN BAÑA

CURSO: 1 º/ 2º DE EP

TITORA: Pablo Rojo Filgueiras

MESTRA DA ÁREA: María Álvarez Teijeiro

MATERIA: Ciencias da Natureza

DATA: 11/05/2020

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (principalmente de recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación).
4. Información.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.

| Área de Ciencias da Natureza 1º de Educación Primaria | |
|--|--|
| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe |
| Coñecer a estrutura dos seres vivos: células, tecidos, tipos, órganos, aparellos e sistemas: identificando as principais características e funcións. | Identifica e describe a estrutura dos seres vivos: órganos, identificando as principais características e funcións de cada un deles. |
| Coñecer diferentes niveis de clasificación dos seres vivos, atendendo ás súas características e tipos. | Observa directa e indirectamente, identifica características e clasifica plantas. |
| Estudar e clasificar materiais polas súas propiedades. | Observa, identifica, describe e clasifica algúns materiais polas súas propiedades (dureza, solubilidade, estado de agregación, condutividade térmica). |
| Coñecer os principios básicos que rexen máquinas e aparellos. | Identifica diferentes tipos de máquinas e clasifícaaas segundo o número de pezas, a maneira de accionalas e a acción que realizan |
| | Observa, identifica e describe algúns dos compoñentes das máquinas. |
| | Observa e identifica algunha das aplicacións das máquinas e aparellos, e a súa utilidade para facilitar as actividades humanas |

| Área de Ciencias da Natureza 2º de Educación Primaria | |
|---|---|
| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe |
| Realizar experiencias sinxelas e pequenas investigacións para recoñecer os cambios de estado e os efectos de forzas coñecidas sobre os obxectos e no movemento dos corpos | Explica os cambios de estado en fenómenos naturais e situacións da vida cotián. |
| | Realiza experiencias sinxelas para identificar as forzas que fan que os obxectos se movan en situacións reais. |
| | Analiza os efectos das forzas sobre obxectos e movementos cotiáns. |
| Realizar mesturas sinxelas con sustancias relacionadas coa vida doméstica e do contorno, achegando conclusións sobre os resultados. | Compara densidades de diferentes sustancias que emprega diariamente con respecto á auga. |
| Observar, manexar e clasificar obxectos e aparellos simples domésticos e escolares identificando a súa utilidade, as partes que os compoñen e a enerxía que empregan | Identifica e coñece a diversidade de máquinas do seu contorno e os beneficios que producen na vida cotiá. |
| | Coñece os oficios das persoas do seu contorno e valora a importancia de cada profesión, a responsabilidade e a contribución social, evitando estereotipos sexistas. |
| | Manexa obxectos simples de uso cotián identificando as situacións que poden xerar risco e estereotipos sexistas. |
| Empregar o ordenador identificando os | Identifica e describe as partes dun ordenador |

| | |
|---|--|
| compoñentes básicos e cuidando o seu uso. | durante o seu uso. |
| | Emprega o ordenador de forma guiada e fai un bo uso. |

2. Avaliación e cualificación.

2.1. Procedementos de avaliación.

- A avaliación será continua.
- Realización de exercicios e tarefas que impliquen a aplicación dos contidos traballados no curso ou doutros que precisen a mínima intervención docente.
- Seguimento continuo e individualizado do alumnado mediante revisión diaria das tarefas e reenvío das mesmas coas correccións e anotacións pertinentes.
- Vídeoconferencias co alumnado que demande explicacións máis personalizadas empregando as aplicacións e programas Skype, Whatsapp, Hangouts...según a dispoñibilidade da familia.
- Non se terá en conta na cualificación o dominio daqueles contidos NON abordados na aula. Estes empregaranse coma ampliación, valorando a implicación do alumnado na súa aprendizaxe e adquisición dos obxectivos e competencias.

2.2. Instrumentos de avaliación.

- Plan semanal: envío de vídeos de apoio e actividades para realizar.
- Lista de control: rexistro diario e individual das tarefas.
- Traballo individual: fichas ou actividades dos libros de texto con contidos preferiblemente de reforzo, repaso ou ampliación.

2.3. Cualificación final:

Procedemento para obter a cualificación final de curso:

- A avaliación **final do trimestre** suporá a adquisición dos estándares adaptados a este trimestre. Así como a participación, esforzo e implicación na materia.
- A avaliación **final de curso** consistirá na media aritmética das calificacións obtidas no primeiro e segundo trimestres. A repetición de curso enténdense coma unha medida de carácter excepcional.
- A nota do terceiro trimestre só afectará á cualificación final se beneficia ao alumno/a.

2.4. Alumnado con materia pendente.

Ningún dos alumnos e alumnas de primeiro e segundo de primaria do CEIP Plurilingüe Pepe de Xan Baña ten actualmente materia pendente xa que, considerando o carácter de continuidade que ten a avaliación na Educación Primaria, coa avaliación positiva do segundo trimestre queda superada a área.

O alumnado recibe unha atención individualizada con gran apoio xeral por parte da familia.

Aquel alumnado que presenta dificultades para seguir o ritmo na materia recibirá tarefas acordadas ás súas necesidades e o seguimento por parte da mestra da área será máis personalizado se cabe. Para a súa cualificación, terase en especial consideración a constancia e esforzo na materia, mostrando hábitos de estudo e traballo.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (principalmente de recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)

3.1. Actividades.

Repaso e reforzo, mediante fichas e actividades recollidas no libro de texto, aquelas que permiten o desenvolvemento competencial e o traballo individual.

Realizaranse actividades de ampliación, permitindo ao alumnado continuar coa súa aprendizaxe, promovendo a motivación por aprender. Actividades recollidas no libro de Ciencias da Natureza (Editorial Santillana) que irán resolvendo no propio libro.

Actividades sobre novos contidos que requiran a mínima intervención docente para a súa asimilación. Non serán tidas en conta a efectos de resultados de cualificación trimestral ou final. Estes contidos preséntanse cuns apuntes realizados pola titora acompañados dun vídeo explicativo dos mesmos cando se considere preciso.

3.2. Metodoloxía.

Todo o alumnado conta con conectividade, ben por wifi ou por datos.

Videochamadas individuais ou en pequeno grupo: a demanda por parte das familias ou suxeridas pola mestra da área nos casos de especial dificultade, se os houbera.

- Con wifi: empregamos os programas ou aplicacións Skype, Whatsapp, Hangouts... para as videochamadas individuais ou grupais.
- Con datos móbiles: realizo chamadas persoais co meu teléfono móbil.

Nestas conexións aclaro as dúbidas do alumno/a e atendo o seu desenvolvemento emocional, véndose especialmente afectados polo estado de confinamento.

Tarefas semanais: na tarde do domingo, colgo na Web do centro (no apartado reservado a 1º e 2º de EP) a secuenciación das actividades e tarefas a desenvolver na materia, dando así acceso ás familias que reciben notificación a través de Abalar Móbil.

Recepción de tarefas e corrección: o alumnado envía ao whatsapp ou ao correo electrónico persoal as actividades realizadas.

A coordinación co resto do claustro é telefónica ou a través do whatsapp, sendo a directora e xefa de estudos a que actúa coma enlace entre o profesorado.

3.3. Materiais e recursos.

- Libros de texto. Coa colaboración de Protección Civil e a ANPA, o alumnado de primeiro e segundo conta na casa co libro da materia.
- Cadernos individuais onde resolve o alumnado os exercicios. Así coma material persoal: lapis, goma, folios...
- Fichas de elaboración persoal, enviadas mediante a web do centro. Aquel alumnado que non conta con impresora na casa e as quere imprimir, recibe o material a través dun servizo gratuíto de impresión e entrega en domicilio facilitado polo Concello.
- Proposta semanal de actividades secuenciadas que recollo nun documento.
- Ordenador personal: co que manteño a comunicación co alumando e no que elaboro os materiais que fago chegar ás familias.
- As familias contan con ordenador, tableta e/ou teléfono móbil.
- Wifi e/ou conexión de datos móbiles.
- Web do centro con recursos.

4. Información.

4.1. Información ao alumnado e ás familias:

O alumnado e as familias son informadas de forma individual polas canles xa referidas así como a través da web do centro.

A miña dispoñibilidade a través de teléfono persoal ou aplicacións móbiles é de 10.15h a 17.15h (horario escolar).

Empregouse a ferramenta Abalar Móbil para informar ás familias dos resultados da calificación do segundo trimestre e actualmente tamén para notificacións xerais de grupo.

O alumnado e as familias son informadas colectivamente mediante os avisos publicados na páxina Web do centro.

4.2. Informacións xerais:

Web do centro.